

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

ANUNCIO do 9 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se dá publicidade da resolución da Presidencia do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia pola que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e non admitidos á realización das probas de aptitude para a obtención do título de xestor administrativo.

Primeiro. Mediante a Resolución do 14 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 27 de xuño, convocáronse as probas de aptitude para a obtención do título de xestor administrativo.

Segundo. De conformidade coa base quinta da dita resolución, e unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes de admisión ás ditas probas, a Presidencia do Colexio aprobou a lista provisional de aspirantes admitidos e non admitidos, e dispón a publicación para a súa consulta na web do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia www.ga-galicia.com e no taboleiro de anuncios da sede do Colexio, logo de anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Os aspirantes non admitidos dispoñerán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para emendaren, se é caso, a omisión ou defecto que motivou a súa non admisión, ou presentaren a correspondente reclamación ante o Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia.

Cuarto. Unha vez que sexan resoltas as reclamacións e correccións presentadas, publicarase a relación definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos na web do Colexio de Xestores Administrativos de Galicia e no taboleiro de anuncios da sede do Colexio.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

Beatriz Cuiña Barja
Secretaría xeral técnica da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

